



No ano 2011 iniciamos o traballo de incorporar a especialidade de TRAIL-O no calendario da FEGADO. Pretendíamos abrir una porta ás persoas con algún tipo de discapacidade motora e conseguir a súa participación dunha forma inclusiva, competindo con persoas sen discapacidade en igualdade de condicións.

Para conseguilo levamos a cabo varias actuacións:

- Fixemos a tradución da normativa IOF sobre este deporte.
- Impartimos un curso de formación dirixido a posibles participantes.
- Contactamos con varias entidades que traballan con persoas con discapacidade motora.
- Organizamos una serie de probas de TRAIL-O nas catro provincias galegas dende o 2011 ata o 2021.
- Destacar que no 2021 levouse a cabo a primeira Liga Galega de Trail-O contando con 4 probas, unha en cada provincia.

Continuaremos buscando unha maior implicación e autonomía por parte dos clubs galegos para organizar probas de Trail-O e normalizar a presenza desta especialidade no calendario FEGADO.

## OBXECTIVOS

1. Levar a cabo a segunda Liga Galega de Trail-O 2022.
2. Facer publicidade na web de Fegado das actividades de divulgación do Trail-O.
3. Realizar un Campionato Galego de Trail-O.
4. Apoiar economicamente aos clubs que organicen competicións de Trail-O.
5. Incorporar nos proxectos de tecnificación o coñecemento do Trail-O, planificando adestramentos con controis de Pre-O e de Temp-O.

## TEMPORALIZACIÓN

### II LIGA GALEGA DE TRAIL-O

NÚM.	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	04/06/2022	Liceo	As Pontes (Co)	PRE-O	Campionato Galego Trail-O
2	23/04/2022	Aromon	Acibal (Po)	PRE-O	2ª proba LGTO
3	03/09/2022	Compás	Terra Chá (Lu)	PRE-O	3ª proba LGTO
4	01/10/2022	Limiaactiva	A Limia (Ou)	PRE-O	4ª proba LGTO

Outra actividade que se levará a cabo a principios do ano 2022 será unha formación teórico-práctica que terá lugar en Pontevedra organizada polo Club AROMON. A parte teórica será impartida de forma telemática.

## ORZAMENTOS

Para cada evento:

- Trofeos de participación.....70 euros
- Dorsais.....20 euros
- Mapas.....120 euros
- Avituallamento..... 20 euros
- Cartografía.....200 euros
- Dietas técnicos (cronometraje, trazador...)..70 euros
- **Total.....500 euros**

Para a actividade de formación:

- Mapas.....40 euros

**CONTACTO DA ESPECIALIDADE:** Natalia Pedre [gandaranaron@gmail.com](mailto:gandaranaron@gmail.com)